

## **Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 02 de setembro de 2019 (PLENO 10/2019)**

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución nº 2289/2019 de 28 de agosto, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de sesións da Casa do Concello o **día 2 de setembro de 2019 ás 20:30**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

**Sesión de:** Pleno  
**Convocatoria:** Sesión 10/2019

**Data da sesión:** 02-09-2019  
**Hora:** 20:30 h.

### **1.- Acta da sesión anterior (29/07/2019). Aprobación.**

### **2.- Sinalización de dous días de festas de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal de Carballo para o ano 2020. Aprobación. (CIFECRIC de 27/08/2019)**

### **3.- Recoñecemento de compatibilidade solicitada por un traballador para unha segunda actividade no sector privado. Concesión. (CIFECRIC de 27/08/2019)**

### **4.- Adhesión do Concello de Carballo a convenios entre a Federación Española de Municipios (FEMP) e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) en materia recadatoria.**

### **5.- Bonificación ICIO por fomento do emprego, empresa SECTOR VENDING, SLU. Concesión. (CIFECRIC de 27/08/2019)**

### **6.- Bonificación ICIO por fomento do emprego, empresa MAQRESOL BERGANTIÑOS, SL. Concesión. (CIFECRIC de 27/08/2019)**

### **7.- Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 201990000005685 de 15 de agosto, de apoio e participación da mocidade. (CIFECRIC de 27/08/2019)**

### **8.- Seguimento de órganos de goberno:**

8.1.- Informe de intervención e tesourería do cumprimento da lei 15/2010, do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004, do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao segundo trimestre de 2019. Toma de coñecemento.

8.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución segundo trimestre de 2019. Toma de coñecemento.

8.3.- Resolucións da Alcaldía.

8.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

8.5.- Rogos e preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2019/G010/000010

A Secretaria Acctal.  
D<sup>a</sup> Susana Mariño Lorenzo